

2

POBOACIÓN

1. Poboación e densidade de poboación. Ano 2010
2. Cifras oficiais de poboación o día 1 de xaneiro de cada ano
3. Concellos e a súa poboación clasificados polo número dos seus habitantes. Padrón municipal de habitantes. Ano 2009
4. Poboación segundo o sexo e grupos quinquenais de idade (pirámide de poboación). Ano 2009
5. Evolución dos nacementos, das defuncións e do crecemento vexetativo. Galicia
6. Nacementos, defuncións e crecemento vexetativo. Ano 2008
7. Nacementos, defuncións e crecemento vexetativo. Ano 2009
8. Nacementos segundo a idade da nai. Ano 2008
9. Nacementos segundo a idade da nai. Ano 2009
10. Migracións no período 2000-2009
11. Indicadores demográficos. Estrutura da poboación. Ano 2009
12. Indicadores demográficos. Fecundidade, mortalidade e nupcialidade. Ano 2008



Censo de poboación e padrón municipal de habitantes

Censo de poboación

É o conxunto de operacións que consisten en recompilar, resumir, valorar, analizar e publicar todos os datos de carácter demográfico, cultural, económico e social de todos os habitantes do país e das súas divisións político-administrativas, referidos a un momento ou período dado e a todas as persoas que residen en vivendas, xa sexan familiares ou colectivas.

Os censos de poboación realízanse cada **dez anos**. Ata 1970, o censo de poboación levouse a cabo nos anos terminados en 0 e, a partir de 1981, nos anos terminados en 1. As cifras de poboación do censo de 2001 teñen como data de referencia o 1 de novembro de 2001.

A consideración das cifras de poboación dos censos é puramente estatística, é dicir, non son cifras oficiais de poboación.

Padrón municipal de habitantes (PMH)

É o rexistro administrativo onde constan os veciños dun concello. Os seus datos constitúen proba de residencia no concello e do domicilio habitual nel.

A Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, establecía que cada cinco anos debía levarse a cabo unha renovación do padrón. No ano 1996 levouse a cabo unha modificación da normativa do PMH e quedou establecido un novo sistema de xestión continua e informatizada do padrón. Esta normativa suprimiu as renovacións do PMH quinquenais e dispuxo que os concellos deben aprobar a revisión dos seus padróns con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano. A revisión do día 1 de xaneiro de 1998 foi a primeira en levarse a cabo de acordo co novo sistema.

Residente

Considérase residente a toda persoa física que ten fixada a súa residencia habitual na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cifras oficiais de poboación

Son as que se derivan do procedemento de xestión do padrón municipal. Publícanse anualmente, con referencia ao día 1 de xaneiro, mediante real decreto, por proposta da Presidencia do INE e co informe vinculante do Consello de Empadramento.

Densidade da poboación

É o cociente entre a poboación dun territorio e a súa extensión superficial. Mídese en habitantes/quilómetro cadrado.

Movemento natural da poboación

Movemento natural da poboación (MNP)

A estatística do Movemento natural da poboación refírese basicamente aos nacementos, matrimonios e defuncións que tiveron lugar no territorio español, e a súa elaboración faise a partir dos boletíns estatísticos proporcionados ao INE polos rexistros civís.

As modificacións máis relevantes que sufriu esta estatística refírense aos nacementos e ás defuncións.

Con respecto aos primeiros, hai que destacar que, ata 1975, só se computaban os nacidos que viviran, polo menos, 24 horas enteiramente desprendidos do seo materno, pero, a partir deste ano, o concepto de nacemento pasa a identificarse co concepto biolóxico de nacido con vida. O criterio empregado para clasificar os nacementos é o de lugar de residencia da nai, polo que os resultados están referidos aos nacidos vivos tanto na Comunidade Autónoma de Galicia coma fóra dela sempre que a súa nai teña a residencia en Galicia.

No que respecta á estatística de defuncións, ata 1975, comprendía todos os falecidos con máis de 24 horas de vida, e a partir dese ano comprende tamén os falecidos no primeiro día de vida. Coas defuncións establécese a mesma clasificación sinalada nos nacementos, os datos están referidos aos falecidos que tiñan por residencia algún concello da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do lugar onde se producise o falecemento.

Nacemento

Aínda que o Código civil no seu artigo 30 di “só se computará nacido o feto que tivese figura humana e vivise vinte e catro horas enteiramente desprendido do seo materno”, no campo demográfico o concepto de nacemento identifícase co concepto biolóxico de nacido con vida.

Defunción

O concepto estatístico de defunción utilizado tradicionalmente en España comprendía a todos os falecidos con máis de 24 horas de vida. A partir de 1975, o concepto ampliouse coa incorporación dos nados con vida falecidos durante as primeiras 24 horas. Con este cambio adóptase o criterio recomendado polos organismos internacionais.

Saldo vexetativo ou saldo natural

É a diferenza existente entre os nacementos e as defuncións ocorridas durante un período de tempo definido.

Movimentos migratorios

Migración

Cambio de residencia dun concello a outro. Se o cambio de residencia se realiza entre os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia denomínase migración interior. Cando o movemento é cara a ou dende o resto de España ou o estranxeiro fálase de migración exterior.

Emigración

Para un ámbito xeográfico determinado é aquela migración que ten orixe nese ámbito e destino fóra deste. Fálase de emigración interna cando o destino é outro concello de Galicia e de emigración externa cando o destino é o resto de España ou o estranxeiro.

Inmigración

Para un ámbito xeográfico determinado é aquela migración con destino este ámbito e orixe fóra del. Fálase de inmigración interna cando a orixe é outro concello de Galicia e de inmigración externa cando a orixe é o resto de España ou o estranxeiro.

Saldo migratorio

Para cada ámbito territorial é a diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan as saídas e se é negativo o contrario.

Indicadores demográficos

Idade media da poboación

É a media aritmética das idades dos individuos que compoñen unha poboación.

Índice de envellecemento

É a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos.



Índice de dependencia xuvenil

Relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de dependencia senil

Relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Taxa bruta de natalidade

Número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

Taxa específica de fecundidade

Cociente entre o número de nacementos dunha determinada cohorte de nais e o total de mulleres nese grupo de idade.

Idade media á maternidade

É a media aritmética das idades ás que as mulleres teñen fillos, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada idade.

Índice sintético de fecundidade ou número medio de fillos por muller

Representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos). Obtense como suma das taxas específicas de fecundidade por idade.

Taxa específica de nupcialidade

Cociente entre o número de matrimonios dun determinado grupo de idade e a poboación dese grupo de idade.

Idade media ao primeiro matrimonio

É a media aritmética das idades ás que os solteiros contraen matrimonio, ponderada polas taxas específicas de nupcialidade dos solteiros.

Taxa bruta de nupcialidade

Número de matrimonios por cada 1.000 habitantes.

Taxa de mortalidade infantil

Número de defuncións de menores dun ano por cada 1.000 nados vivos.

Taxa bruta de mortalidade

Número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

Esperanza de vida ao nacer

É o número medio de anos vividos por unha xeración de nados baixo unhas condicións de mortalidade dadas.

1

POBOACIÓN E DENSIDADE DE POBOACIÓN. ANO 2010

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación (habitantes)	46.951.532	2.796.811	1.146.044	353.251	335.159	962.357
Densidade (hab./km ²)	92,8	94,6	144,2	35,8	46,1	214,1

Fonte: INE. Avance - Padrón municipal de habitantes. Extraído de <http://www.ine.es> [15 de xuño, 2010].

Nota: datos provisionais.

2

CIFRAS OFICIAIS DE POBOACIÓN O DÍA 1 DE XANEIRO DE CADA ANO

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.796.089
A Coruña	1.111.886	1.120.814	1.121.344	1.126.707	1.129.141	1.132.792	1.139.121	1.145.488
Lugo	361.782	360.512	358.452	357.625	356.595	355.176	355.549	355.195
Ourense	343.768	342.213	340.258	339.555	338.671	336.926	336.099	335.642
Pontevedra	919.934	927.555	930.931	938.311	943.117	947.639	953.400	959.764

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de <http://www.ine.es> [19 de abril, 2010].

3

CONCELLOS E A SÚA POBOACIÓN CLASIFICADOS POLO NÚMERO DOS SEUS HABITANTES. PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. ANO 2009

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Número	Hab.	Número	Hab.	Número	Hab.	Número	Hab.	Número	Hab.
Habitantes do concello										
0 - 2.000 hab.	94	127.179	12	18.344	21	28.684	58	75.622	3	4.529
2.001 - 5.000 hab.	106	348.974	28	101.776	34	109.944	24	66.727	20	70.527
5.001 - 10.000 hab.	58	401.010	32	220.474	7	55.160	5	32.672	14	92.704
10.001 - 20.000 hab.	35	496.711	11	151.607	4	64.729	4	52.879	16	227.496
20.001 - 50.000 hab.	15	423.466	8	237.866	0	0	0	0	7	185.600
50.001 - 100.000 hab.	4	347.619	2	169.365	1	96.678	0	0	1	81.576
100.001 - 500.000 hab.	3	651.130	1	246.056	0	0	1	107.742	1	297.332
Todos os intervalos	315	2.796.089	94	1.145.488	67	355.195	92	335.642	62	959.764





Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de <http://www.ine.es> [19 de abril, 2010].

POBOACIÓN SEGUNDO O SEXO E GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE (PIRÁMIDE DE POBOACIÓN). ANO 2009

Tanto por cen

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Grupos de idade										
0 - 4 anos	2,0	1,9	2,1	1,9	1,6	1,5	1,6	1,5	2,3	2,1
5 - 9 "	1,9	1,8	1,9	1,8	1,6	1,5	1,6	1,5	2,2	2,0
10 - 14 "	1,9	1,8	1,9	1,8	1,6	1,6	1,7	1,6	2,1	2,0
15 - 19 "	2,3	2,2	2,2	2,1	2,1	2,0	2,1	2,0	2,5	2,4
20 - 24 "	2,7	2,6	2,7	2,6	2,6	2,5	2,5	2,4	2,9	2,8
25 - 29 "	3,6	3,5	3,6	3,5	3,3	3,2	3,2	3,1	3,8	3,7
30 - 34 "	4,2	4,1	4,2	4,2	3,6	3,5	3,5	3,5	4,5	4,4
35 - 39 "	3,9	3,9	4,0	4,0	3,4	3,4	3,4	3,3	4,2	4,1
40 - 44 "	3,8	3,8	3,8	3,9	3,6	3,6	3,4	3,4	3,9	3,9
45 - 49 "	3,6	3,6	3,6	3,7	3,8	3,6	3,4	3,5	3,5	3,6
50 - 54 "	3,3	3,4	3,3	3,5	3,5	3,3	3,3	3,2	3,2	3,4
55 - 59 "	3,0	3,1	3,1	3,2	3,1	2,9	3,1	3,2	3,0	3,1
60 - 64 "	3,0	3,2	3,0	3,3	2,9	3,0	3,2	3,4	2,9	3,1
65 - 69 "	2,4	2,7	2,4	2,7	2,6	3,0	2,9	3,2	2,1	2,4
70 - 74 "	2,3	2,9	2,3	2,9	2,9	3,4	3,0	3,5	2,0	2,5
75 - 79 "	2,1	2,9	2,0	2,8	2,8	3,6	2,9	3,7	1,7	2,4
80 - 84 "	1,3	2,1	1,2	2,0	2,0	2,9	1,9	2,9	1,0	1,8
85 e máis anos	1,0	2,2	0,8	2,0	1,6	3,0	1,5	3,1	0,7	1,8
Total	48,3	51,7	48,1	51,9	48,7	51,3	48,1	51,9	48,4	51,6

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes.

Pirámide de idades. A Coruña.
Ano 2009

Pirámide de idades. Lugo.
Ano 2009

Pirámide de idades. Ourense.
Ano 2009

Pirámide de idades. Pontevedra.
Ano 2009


5

EVOLUCIÓN DOS NACEMENTOS, DAS DEFUNCIÓNS E DO CRECEMENTO VEXETATIVO. GALICIA

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Nacementos	19.327	20.423	20.621	21.097	21.392	21.752	23.175	22.454
Defuncións	28.353	29.805	28.540	29.383	29.389	30.159	29.629	29.899
Creceamento vexetativo	-9.026	-9.382	-7.919	-8.286	-7.997	-8.407	-6.454	-7.445

Fonte: INE, IGE. Movemento natural da poboación.

Nota: os datos do ano 2009 son provisionais.

6

NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS E CRECEMENTO VEXETATIVO. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Nacementos	23.175	9.825	2.208	2.156	8.986
Defuncións	29.629	11.618	4.867	4.706	8.438
Creceamento vexetativo	-6.454	-1.793	-2.659	-2.550	548

Fonte: INE, IGE. Movemento natural da poboación.

7

NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS E CRECEMENTO VEXETATIVO. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Nacementos	22.454	9.526	2.243	2.054	8.631
Defuncións	29.899	11.984	4.900	4.443	8.572
Creceamento vexetativo	-7.445	-2.458	-2.657	-2.389	59

Fonte: INE, IGE. Movemento natural da poboación.

Nota: datos provisionais.

8

NACEMENTOS SEGUNDO A IDADE DA NAI. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Idades da nai					
Menores de 15 anos	2	0	0	0	2
15 a 19 anos	423	157	53	59	154
20 a 24 anos	1.794	693	195	204	702
25 a 29 anos	5.158	2.069	499	483	2.107
30 a 34 anos	9.077	3.947	793	765	3.572
35 a 39 anos	5.587	2.460	540	535	2.052
40 a 44 anos	1.053	460	114	105	374
45 a 49 anos	72	35	11	5	21
50 e máis anos	9	4	3	0	2
Total	23.175	9.825	2.208	2.156	8.986

Fonte: INE, IGE. Movemento natural da poboación.

9

NACEMENTOS SEGUNDO A IDADE DA NAI. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Idades da nai					
Menores de 15 anos	8	4	3	0	1
15 a 19 anos	391	160	51	50	130
20 a 24 anos	1.576	566	206	170	634
25 a 29 anos	4.694	1.932	436	462	1.864
30 a 34 anos	8.812	3.803	814	768	3.427
35 a 39 anos	5.784	2.553	602	494	2.135
40 a 44 anos	1.097	475	120	102	400
45 a 49 anos	90	33	11	8	38
50 e máis anos	2	0	0	0	2
Total	22.454	9.526	2.243	2.054	8.631

Fonte: INE, IGE. Movemento natural da poboación.

Nota: datos provisionais.

10

MIGRACIONES NO PERÍODO 2000-2009

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Emigración externa: a outra CCAA										
Provincia de orixe										
Galicia	17.281	16.028	18.684	20.297	20.208	19.509	21.372	22.722	19.481	18.716
A Coruña	7.192	6.499	7.405	8.181	8.053	7.787	8.291	8.740	7.736	7.306
Lugo	1.818	1.698	2.114	2.274	2.312	2.209	2.676	2.832	2.618	2.604
Ourense	2.499	2.430	2.883	3.117	2.981	2.826	3.015	3.426	2.844	2.749
Pontevedra	5.772	5.401	6.282	6.725	6.862	6.687	7.390	7.724	6.283	6.057
Emigración externa: ao estranxeiro										
Provincia de orixe										
Galicia	4.193	2.251	2.437	3.081	3.909	5.467	7.435	9.375
A Coruña	1.875	1.039	1.007	1.418	1.625	2.006	3.487	4.507
Lugo	203	149	143	192	322	507	587	1.001
Ourense	708	523	541	452	701	1.023	949	1.233
Pontevedra	1.407	540	746	1.019	1.261	1.931	2.412	2.634
Inmigración externa: doutra CC AA										
Provincia de destino										
Galicia	11.628	11.799	15.032	16.670	18.331	19.602	19.934	21.386	22.561	23.654
A Coruña	4.627	4.468	6.206	6.896	7.662	7.870	7.823	8.494	9.397	9.172
Lugo	1.571	1.634	1.960	2.089	2.376	2.586	2.808	3.058	2.882	3.193
Ourense	1.788	1.841	1.990	2.234	2.327	2.590	2.911	2.903	3.113	3.563
Pontevedra	3.642	3.856	4.876	5.451	5.966	6.556	6.392	6.931	7.169	7.726
Inmigración externa: do estranxeiro										
Provincia de destino										
Galicia	12.547	11.395	18.186	17.053	19.366	19.833	22.948	26.386	22.165	15.135
A Coruña	5.422	5.186	8.231	7.810	7.686	7.561	8.903	10.629	8.813	5.811
Lugo	650	621	1.310	1.338	1.681	1.971	2.586	3.421	3.019	1.822
Ourense	1.993	1.285	2.123	2.012	2.854	2.893	3.044	3.567	2.970	2.695
Pontevedra	4.482	4.303	6.522	5.893	7.145	7.408	8.415	8.769	7.363	4.807
Saldo migratorio	6.894	7.166	10.341	11.175	15.052	16.845	17.601	19.583	17.810	10.698

Fonte: INE. Estadística de variaciones residenciales.

Nota: na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro.

11

INDICADORES DEMOGRÁFICOS. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Idade media	44,7	44,3	47,9	48,3	42,6
Homes	43,0	42,7	46,4	46,6	40,8
Mulleres	46,2	45,9	49,4	49,9	44,2
Índice de envelhecimento	138,4	133,5	207,1	211,2	104,8

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

12

INDICADORES DEMOGRÁFICOS. FECUNDIDADE, MORTALIDADE E NUPCIALIDADE. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Idade media á maternidade	31,5	31,7	31,4	31,2	31,3
Índice sintético de fecundidade	1,1	1,1	1,0	1,0	1,2
Taxa bruta de natalidade	8,3	8,6	6,2	6,4	9,4
Idade media do primeiro matrimonio					
Homes	32,2	32,2	33,1	32,3	31,9
Mulleres	30,2	30,3	30,4	29,8	30,0
Taxa bruta de nupcialidade	3,9	4,2	3,2	3,2	4,1
Esperanza de vida ao nacer					
Homes	78,0	77,6	78,2	78,0	78,2
Mulleres	85,1	84,8	85,6	85,3	85,1
Total	81,6	81,3	81,8	81,6	81,8
Taxa de mortalidade infantil	3,1	3,8	2,7	5,1	2,1
Taxa bruta de mortalidade	10,6	10,2	13,7	14,0	8,8

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.